



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.gal

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

ANUNCIO DE COBRANZA DO PADRÓN FISCAL DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO MES DE XULLO DE 2023

Pola presente faise saber que por resolución nº 1484/2023 de data 22/08/2023 do Concelleiro delegado de Economía e Facenda foi aprobado o padrón fiscal do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar, nas modalidades de libre concorrência e dependencia, correspondente ao mes de xullo de 2023.

O presente anuncio ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Establécese un período de exposición pública de 20 días hábiles a contar desde o seguinte ao da presente publicación no Boletín Oficial da Provincia, durante o cal as persoas interesadas poderán examinar o expediente na Tesourería Municipal e interpoñer, no seu caso, os seguintes recursos:

- O recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da finalización do período de exposición pública, perante a Alcaldía, que será resolto no prazo máximo de un mes, transcorrido o cal entenderase desestimado.
- Contra a desestimación do recurso de reposición poderase interpoñer recurso contencioso administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses dende a notificación da resolución se esta é expresa ou no prazo de seis meses dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta.

De conformidade co previsto na ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar, o prezo público deivindícase, en xeral, dende que se inicia a prestación do servizo e satisfarase con carácter posterior á prestación do servizo. O medio de pago ordinario será o de domiciliación bancaria nas contas sinaladas polos obrigados tributarios.

O período voluntario de pago será de dous meses dende o día seguinte ao da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, transcorrido o cal as débedas serán esixidas mediante o procedemento de prema e deivindícaranse os correspondentes recargos do período executivo, os intereses de demora e, no seu caso, as costas que se produzan, conforme os artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Betanzos, na data da sinatura electrónica.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A Alcaldesa
María Barral Varela